

CONSTITUCIÓN DO ENDL

Quedou constituído o ENDL para o curso 2008-2009:

PROFESORES: Xesús Verao Pérez
Marisa Mariño
Ana M^a Fernández Silva
Casto Casanova Rodríguez
Lucía Vázquez Fernández

Coordinadora: M^a Xesús Vila Quiroga

ALUMNOS: Katia Armesto Pérez
Fátima González Donado
Luis Gulías Vide
Edgar Guitián Rey
Marcos González Luaces

PERSOAL NON DOCENTE: Raquel González Rodríguez

ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

Regularmente iremos presentándovos as actividades programadas para este curso. De todos os xeitos, estamos abertos e desexosos de todas as suxestións que o alumnado nos poida ofrecer.

REVISTA DO IES “Río Cabe”

Queremos lembravos que este ano sacaremos un novo número da revista “Nós Mesmos”. Precisamos da vosa colaboración para poder conseguilo. Podedes entregar calquera tipo de traballos como: artigos de opinión, entrevistas, relatos, poesía... Todo isto será recollido pola coordinadora ou ben por calquera profesor do Departamento de Lengua Galega. A revista será vendida polos alumnos de 4º ESO e o recadado será investido na excursión de fin de curso.

VOLUNTARIO/A LINGÜÍSTICO

Precisamos un voluntario ou voluntaria lingüística. Pensamos que podería atender ao alumnado inmigrante (por exemplo, nos espazos de mecer) e axudalo na integración ao centro e á práctica lingüística en galego.

ESCOLA DE PAIS E NAIS

E seguindo co alumnado que nos chega doutras comunidades ou países, queremos formar unha escola de pais e nais en colaboración co Departamento de Orientación. Pretendemos, máis ca impartir unha clase, ofrecerlles unha hora semanal para proporcionarlles material didáctico e resolver posibles dúbidas lingüísticas. Tamén se podería atender aos propios alumnos/as que se incorporen ao centro por primeira vez, especialmente se o curso xa comezou. A hora acordada será os martes de 5 a 6 da tarde.

CONCURSO DE ADIVIÑAS

Imos convocar tamén un concurso de adiviñas no que poderá participar todo o alumnado do centro. Próximamente vos faremos chegar as bases deste certame.

VÍDEO INFORMATIVO

Dous alumnos de 2º BAC, Edgar e Marcos, van gravar un vídeo informativo no que amosen as instalacións do centro. Este vídeo irá dirixido ao alumnado de 1º de ESO e tamén aos seus pais. Pretendemos que se presenten as diferentes partes do centro, explicando que se fai en cada unha delas: aula de informática, aula de vídeo, biblioteca, salón de actos, pavillón...

VÍDEO-REPORTAXE

Outras dúas alumnas de 2º BAC, Katia e Fátima, van facer unha reportaxe sobre a historia do noso centro. É un proxecto que seguramente nos gustará e nos sorprenderá a todos. Nel farase un pouco de historia, recorrendo a ex-alumnos e a outras persoas que coñeceron o centro e contrastarase coa realidade actual.

VISITA DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Na segunda quincena de novembro contaremos co escritor Agustín Fernández Paz. Darémosvos a data tan pronto a saibamos. Este escritos xa nos ía visitar o curso pasado, pero por motivos de saúde tivemos que aprazalo ata este curso. Mellor será que lle botedes unha ollada a *Noite de voraces sombras*, obra da que nos falará e que xa les-tes o ano pasado.

TEATRO: *O club da calceta*

O día 5 de novembro o alumnado de 1º e de 2º de BAC asistirán á representación da obra de teatro *O club da calceta*, de María Raimóndez. Será no Multiusos ás 11.30 da mañá. Esta actividade débemoslla á editorial Xerais e mais á Secretaría de Política Lingüística. Cada alumno será agasallado cun exemplar da novela na que está baseada a obra teatral. Non a podemos perder, é unha obra que nos encantou cando a lemos e estamos seguros, porque compañeiros nosos asistiron á representación o curso pasado en Ourense, que tamén nos encantará a súa posta en escena.

A TROPA DE TRAPO

E o día 10 de novembro ás 15.45 a *Tropa de trapo* ofreceranos un feixe de contos e melodías para facernos soñar e reflexionarl. Para facer soñar teñen unha posta en escena sinxela con narracións a dúas voces e instrumentos de diferentes culturas do mundo. E para reflexionar, un obradoiro no que profundizar e traballar técnicas de expresión corporal, creación colectiva... Esta actividade está pensada para os alumnos/as de 2º de BAC.

Esperamos a vosa colaboración e as vosas suxestións para mellorar esta pequena programación. Seguiremos informándovos.

A coordinadora
Mª Xesús Vila Quiroga

Monforte, 14 outubro de 2008